

go 85.7º da Lei 9/2002, resulta a súa conformidade coa lexislación urbanística e a non-incidencia sobre materias da competencia autonómica.

Na súa virtude, de conformidade co disposto na letra a) do número 5 do artigo 85, en relación co número 1 do artigo 89, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia,

**DISPOÑO:**

Aprobar definitivamente a modificación puntual nº 9 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para a modificación das aliñacións na confluencia das rúas Ponte da Pedra e Muíño, aprobada provisionalmente polo Pleno do concello o 26 de setembro de 2005.

Ordenar a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* de acordo co disposto no artigo 92.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2006.

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial,  
Obras Públicas e Transportes

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 26 de xaneiro de 2006 pola que se modifica o número de unidades e os postos de traballo docentes do centro de educación infantil e primaria San Miguel de Paradela, na provincia de Lugo.*

Por Orde do 27 de xuño de 2005 (DOG do 12 de xullo), establécese o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

Vistos os expedientes e os correspondentes informes da Inspección Educativa e a proposta da delegación provincial desta consellería.

E tendo en conta o artigo 31 do Estatuto de autonomía, que establece a competencia plena da Comunidade Autónoma galega para o regulamento e administración do ensino; e o artigo 1 do Decreto 585/2005, do 29 de decembro (DOG do 9 de xaneiro de 2006), que establece a competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en materia de educación.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

**DISPÓN:**

Primeiro.-Suprimir unha unidade de educación infantil no CEIP San Miguel de Paradela (Lugo), cuxa composición resultante figura no anexo.

Segundo.-Aos mestres afectados como consecuencia da supresión aplicaráselles o establecido na Orde do 11 de outubro de 2005 (DOG do 19 de outubro), pola que se convoca concurso de traslados autonómico entre funcionarios do corpo de mestres.

*Disposición derradeira*

Única.-Facúltase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Subdirección Xeral de Persoal a dictar as instrucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

**ANEXO**

Provincia: Lugo.  
Concello: Paradela.  
Localidade: Paradela.  
Enderezo: Estrada de Ferreiros, s/n.  
Centro: CEIP. San Miguel.  
Código de centro: 27009347.  
Zona educativa: Paradela.  
Unidades: 1 EI, 6 EP.

**Postos de traballo**

EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	TOTAL
1	4	1	1	1	1	1	10

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA**

*Resolución do 11 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para a execución do proxecto de estrada Burís-Croeda, Cereda.*

Subscrito, logo da tramitación regulamentaria, o convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Minei-